

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesión ordinarias da Xunta de Goberno Local do 12, 19, 26 de novembro e 3 10 de decembro 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle para agregación de dúas parcelas na rúa Nova, números 47 e 49.

2. DEPORTES.- Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención excepcional polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de Club Motopark Lugo para colaborar nos gastos ocasionados con motivo da organización do campionato de españa de motocross junior 2025.

Tamén se acorda a iniciación e adxudicación de subvención excepcional polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de Club Ribeira Fútbol Sala para colaborar nos gastos ocasionados con motivo da organización da copa Galicia 2025 futbol sala.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de un camión-cesta-grúa elevadora de 18 metros para servizos eléctricos de medio rural e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025/C004/000045.

Así mesmo, acórdase a adxudicación no expediente de concesión demanial

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cvr

Refº: ispac7818490488001805269.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-12-2025

para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do Parque da Milagrosa. exp. ref. 2025/C012/000004.

Tamén se acorda a autorización da cesión do contrato na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións deportivas municipais do Concello de Lugo. exp. ref. 2023/C003/000029.

Do mesmo xeito, acórdase a delegación de competencias na tenenta de alcalde delegada da área de xestión integral de recursos internos para a adopción dos actos resolutivos e de trámite dos expedientes de contratación en tramitación, así como para adopción de prórrogas dos contratos ata o 31 de decembro de 2025.

Acórdase a primeira prórroga dende o 01.01.2026 ata o 31.12.2026 na contratación de patrocinio publicitario dentro do programa radiofónico "Voces de Lugo". Exp. ref.: 2025/C005/000004.

4. FOMENTO.- Acórdase a 2º addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Xestora de concertos para a contribución aos servizos de extinción de incendios, A.I.E., para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, a mellora e a ampliación dos servizos de prevención e extinción de incendios.

5. PERSOAL.- Acórdase a permuta entre un policía do Concello de Lugo e un policía do Concello de Monforte de Lemos.

Acórdase aprobar a convocatoria en comisión de servizos de 5 postos de policías locais no Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. CULTURA.- Acórdase aprobar o informe - proposta para a aprobación do plan de autoprotección (PAU) para a Cabalgata de Reis do 5 de xaneiro de 2026.

Acórdase a convalidación omisión da función interventora decreto 1513 premios do concurso de disfraces Entroido 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase o cambio de titularidade. posto 4 da Praza de Abastos.

Asunto fóra da orde do día

- Delegación de competencias na tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución dos actos de trámite en relación coa aprobación e sinatura do Convenio de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para o financiamento de “gastos derivados do acondicionamento de edificios municipais 2025”. Xustificación da auarxencia.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.